



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 13)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **cinco de xuño de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"Polo Concello de Bóveda achégase certificado de adxudicación de investimentos, incluídos no Plan Único 2019, e en relación co mesmo infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídos os investimentos que se sinalan.



As bases do Plan Único establecen na base 18 o prazo para adxudicar os investimentos, sinalando “... os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan ata o 31 de outubro de 2019. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do Concello”.

O concello de Bóveda, presentaron os correspondentes certificados do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración -anexos III ou IV, no que se sinalan as datas de adxudicación, figurando adxudicadas en data posterior ao prazo previsto nas bases, (31/10/2019), sen que conste solicitude de prórroga.

As datas que figuran son:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
BÓVEDA	42	25/03/2020

Así mesmo o concello acompaña documentación indicando os retrasos na adxudicación das obras, indicando como motivo “excesiva carga de traballo do escaso persoal administrativo encargado do servizo de contratación”.

En relación coas adxudicacións, fora do prazo inicialmente previsto e prórrogas concedidas ao efecto, das referidas obras, por parte do Concello indicado, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analogía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que “...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...”, trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantido polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), “... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan Único 2019, do Concello indicado, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado, ou fora da prórroga concedida, de ser o caso; de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.

O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de



aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prórrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

O artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da lei ou, no seu caso, ás establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que “non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que

presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestimento” ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A STS 6/6/2007 aclara que “el principio de proporcionalidad permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material- y dentro de su plazo propio- de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá junto de las relaciones Administración- beneficiario”.

A STSJ de Castilla e León, Valladolid, 103/2007 de 19/1, nun suposto en que a presentación dos xustificantes de gastos se fixo 2 días despois da finalización do prazo, declara que non é procedente a revogación por “desproporcionada en relación con la naturaleza del incumplimiento que se atribuye a la parte, pues de seguir esta interpretación cualquier incumplimiento, por mínimo que fuese, acarrearía necesariamente la revocación de la subvención..” pero matiza “salvo que se desprenda que el incumplimiento del plazo de presentación, en relación con las normas de la convocatoria haya tenido una naturaleza transcendente para el fin de la subvención, o haya podido tener influencia en el ejercicio por la Administración de sus potestades de control y fiscalización...”

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan Único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2020, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.



Conclusión

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cerrar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os obxectivos do Plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o Plan Único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte ditos certificados, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación presentada, polo que se informa favorablemente a aceptación do anexo III, inda adxudicado fora do prazo inicialmente establecido.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar, á vista da súa xustificación e informe do Servizo de Contratación e Fomento, o anexo III de adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único 2019, achegado polo concello indicado, no que a adxudicación se ten realizada na data que se indica, con posterioridade a data límite fixada, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa (30-09-2020), que será a que determine a cantidade a aboar ao concello:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 N°:	DATA ADXUDICACIÓN
BÓVEDA	42	25/03/2020

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA O SUBMINISTRO DE PENSO COMPOSTO PARA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración subministro de penso composto para alimentación do gando vacún de Granxa Gayoso Castro, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67VSRD5FLTSOCRUGXAFQWOE¹

Prego de prescricións técnicas. IV67VSR3L4N6VFBYUIPNFYJQ4Y

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67WWCNNEJ5LBODWVNNA4DPIQ

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: V67WX2MCH4DVXX4SRMGNBQEE

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67WX2CDMBL7RFSALWXEVJD44

O expediente foi sometido á preceptiva fiscalización.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, polo órgano de contratación, se adopten os seguintes acordos:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



1º.- Aprobar a contratación da subministración de subministro de penso composto para alimentación do gando vacún de Granxa Gayoso Castro, cunha duración de un ano, prorrogable por dúas anualidades (1 ano inicial +1+1).

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e redución dos prazos de entrega que permitan unha áxil resposta ás necesidades da granxa sen prexuízo da calidade do penso a subministrar polo seu almacenamento .

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 254.276,00 euros anuais. O orzamento base de licitación inclúe 23.116,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 10%; importe que se engade aos 231.160,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP,

O gasto financíase de acordo as seguintes anualidades:

Anualidade 2020 (4) meses : 77.053,32 €

Anualidade 2021 (8) meses : 154.106,68 €

Segundo o informado, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 77.053,32 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régulanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos dos que se cumpren o 2º e 3º estando previsto que o gasto se inicie no presente exercicio:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN ADXUDICADO Á ENTIDADE PRADO LAMEIRO S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Consta como antecedentes ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:



Con data de 13 de xuño de 2019 formalizouse contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa adxudicataria Prado Lameiro SL.

Consta solicitude de resolución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada pola adxudicataria Prado Lameiro SL, baseándose na demora inxustificada na comprobación do replanteo da obra.

Acta de comprobación do replanteo de data 2 de outubro de 2019, con observacións ó dorso.

Informe da xefa do servizo de arquitectura con CSV: IV6RUDADMEH4JDPMATQNIPR76I, no que conclúe que non procede estimar a solicitude do contratista nos seguintes termos:

“Como conclusión, entendemos, que no procede atender a la petición de contratista de resolución del contrato por la casusa recogida en el artículo 245.a), invocada por la representante de la empresa en el escrito de 29 de julio que exige una demora injustificada en la comprobación de replanteo ya que por una parte no hay tal demora injustificada y por otra parte y en todo caso la demora producida se debe tanto a la actuación de la administración como del propio contratista.”

Así mesmo, consta no expediente que esta administración ten respostado notificando o acordo da Xunta de Goberno de 18 de outubro de 2019, desestimando a solicitude de resolución formulada polo contratista ó acreditarse que non concorre a causa invocada .

1º.- Desestimar a solicitude de resolución contractual do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada por Prado Lameiro SL e conseguintemente da indemnización instada por esta causa.

Por outra banda, o servizo de arquitectura ten informado con data de 22 de novembro de 2019 en documento (accesible na sede electrónica desta administración) con CSV: IV6R4CJTNR6L6ULWIANBYZCG4, de diversos incumprimentos de obrigas do contratista que teñen natureza de obrigas contractuais esenciais, que teñen determinado por causas alleas a esta administración que a execución da obra non se tivera iniciado.

Entre ditos incumprimento sinaláronse as seguintes carencias:

Seguimiento da execución da obra en tempo real a través de cámaras web.

Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e Saúde elaborado en base ao estudo de Seguridade e Saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... “O deber de entregar, a administración contratante, antes de comezar a execución do contrato, a respectiva cadea de mando, debidamente detallada..... “

Visto o anterior, requiriuse ó adxudicatario para que, sen prexuízo da imposición das penalidades e demais consecuencias establecidas no prego, procedese ó inmediato cumprimento do contrato nos seus termos, de xeito contrario, e transcorridos 5 días dende a recepción desta comunicación poderase interpretar por esta administración como vontade deliberada de incumprir o contrato.

Fronte dito requirimento o contratista realizou comunicación de data 23 de decembro de 2019 na que considera que non lle son imputables os incumprimentos do contrato, sen que ate a data de emisión do presente se atendese dito requirimento.

Así mesmo este departamento ten coñecido, por comunicación da asesoría xurídica, da interposición dun recurso contencioso administrativo fronte o acordo de data 18 de outubro de 2019 polo que se desestima “ a solicitude de resolución contractual do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada por Prado Lameiro SL e conseguintemente da indemnización instada por esta causa” .



Con data de 31 de xaneiro de 2010 pola Xunta de Goberno, foi incoado procedemento de resolución culpable imputable ó contratista polas causas sinaladas nos antecedentes, conferindo tramite de audiencia ó contratista e ó avalista, que foi completado, sen constar a data de hoxe alegacións do avalista, Banco Santander S.A.

Dentro do trámite de audiencia o contratista formulou por rexistro de entrada alegacións o 21 de febreiro de 2020, fronte as causas de resolución, con oposición expresa á resolución que se lle imputa de xeito culpable, solicitando así mesmo a suspensión do procedemento de resolución.

Con data de, 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno formulou proposta de resolución, notificada ó contratista con data 13 de marzo de 2020, elevando a mesma ó Consello Consultivo de Galicia que emitiu ditame favorable con data 20 de maio de 2020.

Resultan fundamentos xurídicos :

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución da obra e as alegacións ó respecto formuladas pola entidade adxudicataria.

Como inicio das consideracións do presente compre recordar, que a execución material do contrato non se ten iniciado, e que polo tanto se está a frustrar a finalidade e necesidade pública do mesmo cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente. Sendo esta situación de impedimento da execución, *per se*, causa suficiente para a resolución do contrato (STS 14 de mayo de 2008 e STS de 10 de mayo de 2007 doutrina reproducida na STS de 3 de abril de 2007 entre moitas outras).

Compre indicar igualmente e con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado , e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

O contratista, nas súas alegacións, asume estas afirmacións e a consolidada doutrina que a desenvolve, pero olvida nas mesmas o literal do prego cando sinala (destácase o literal en subraiado), como obriga de Prado Lameiro “c) Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e Saúde elaborado en base ao estudo de Seguridade e Saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... (cláusula 2.2.3).” .

Por último, compre recordar que esta administración ten resolto a solicitude de resolución contractual suscitada polo contratista desestimándoa por apreciar que non concorre a causa esgrimida polo contratista, non existindo óbice para a tramitación das demais incidencias que poidan xurdir, incluídas aquelas que teñan o seu orixe en distintas causas de resolución tal e como se deriva no disposto no art. 211.2 ,e segundo se verifica no caso presente .



Respecto da situación da obra, dos datos obrantes no expediente se deriva a falta de inicio da execución da mesma, aínda que se teñen verificado os aspectos físicos do replanteo, operando a falta de cumprimento das obrigas do contratista, (mediando a súa singular inactividade) como circunstancia impeditiva do inicio da execución material.

Respecto das alegacións do contratista compre sinalar :

Establecemento dun sistema de “a) Seguimiento da ejecución da obra en tempo real a través de cámaras web (clausula 2.2.2)”.

Baste sinalar que da propia manifestación do contratista se extrae que dita obriga non se ten atendido, debendo destacar que as cámaras se deben de instalar para dita finalidade, sendo responsable en exclusiva o contratista de que a execución non se teña iniciado .

Entrega da cadea de mando debidamente detallada á administración antes de comezar a execución .

Das manifestacións do contratista non se conclúe o cumprimento da súa obriga, antes ó contrario dos informes obrantes se deriva que non lle consta á xefa do servizo de arquitectura que se tivese atendido á mesma, así mesmo do análise do expediente non se pode extraer que dita cadea cumpra os requisitos de entrega a administración antes de comezar a execución, baste recordar que o documento sinalado polo contratista folio 572 indica de xeito exíguo:

SE COMPROMETE

A adscribir a la ejecución del contrato a Pablo Veiras Ferro, como Arquitecto Técnico director de ejecución material y Sergio Álvarez Alonso, Arquitecto Técnico como responsable de PRL

Non parece polo tanto que se poida predicar o cumprimento do requisito con carácter previo á execución, nin que esta declaración do folio 572 resulta formulada de xeito “debidamente detallada”, por non indicar a que efectos se realiza tal compromiso, nin o rol que xoga dito persoal na presumible cadea de mando que puidera comportar tan escasa manifestación.

Respecto do incumprimento relativo a obtiga “c) Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e Saúde elaborado en base ao estudo de Seguridade e Saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... (cláusula 2.2.3).”

Dita obriga foi claramente incumprida polo contratista en atención ó literal da cláusula do prego, que agora Prado Lameiro pretende interpretar de xeito interesado, non esixe por tanto condicionante adicional á propia vontade do seu cumprimento polo contratista, que é o único obrigado á súa atención, e ademais responsable directo e singular de que se frustre o contrato administrativo, por non entregar o documento nin en tempo nin en forma .

A execución dun contrato público non pode depender como esta a facer o contratista da súa inactividade ó cumprir cunha cláusula de meridiana claridade a teor do prego ““elaboración e presentación no rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e Saúde”,” que nada di da previa designación do coordinador nin que este teña que ser designado ou contratado con carácter previo o cumprimento das súas obrigas como adxudicatario, podendo elaborarse e remitirse polo contratista con entrega no rexistro de entrada para que administración, poida proceder ó seu informe e aprobación, cos medios e técnicos propios ou contratados que estime oportunos.

A administración por tanto non está a incumprir ningunha das súas responsabilidades no contrato, correspondendo coa consciente inobservancia do contratista das súas obrigas que se torna en vontade de frustrar a finalidade do contrato de xeito deliberado e a pesar de térselle requirido para o cumprimento das mesas.

A administración mesmo intentou e formalizou o replanteo físico, pero resulta imposible avanzar coa execución material, sen “elaboración e presentación no rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e Saúde”, elaboración e presentación que soamente pode realizar o contratista, titular da obriga por prego, con base no estudo de Seguridade e Saúde incluído no proxecto técnico que coñece.



Polo tanto, aínda que se tivo celebrado o acto de replanteo con data de 2 de outubro, o incumprimento do contratista impedía que este se tivese perfeccionado, e se puidera proceder á apertura do centro de traballo e inicio dos traballos dacordo coa normativa aplicable, que establece novamente que dita obriga corresponde ó contratista .

Así baste recordar o artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción: “ 1. En aplicación del estudio de Seguridad y Salud o, en su caso, del estudio básico, cada contratista elaborará un Plan de Seguridad y Salud en el trabajo en el que se analicen, estudien, desarrollen y complementen las previsiones contenidas en el estudio o estudio básico, en función de su propio sistema de ejecución de la obra.....

El Plan de Seguridad y Salud deberá ser aprobado, antes del inicio de la obra, por el coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra.

En el caso de obras de las Administraciones Públicas, el Plan, con el correspondiente informe del coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra, se elevará para su aprobación a la Administración Pública que haya adjudicado la obra”.

Como deriva da normativa específica a Administración non pode aprobar aquilo que o contratista non ten elaborado e entregado e como consecuencia de isto non pode facer entrega do mesmo ó coordinador para o seu preceptivo informe.

Non resulta de incumbencia do contratista a organización deste proceso interno no seo da administración provincial, e moito menos como se pretende, converter a pasividade do contratista, nun condicionante para o cumprimento da súa obriga de entregar no rexistro de entrada da Deputación Provincial o reiteradamente requirido Plan de Seguridade e Saúde, para que a administración o poida someter a informe e aprobar , e unha vez rematados os trámites previstos no artigo 7 de dita norma, proceder de conformidade co establecido no artigo 19 da mesma disposición:

“Artículo 19. Información a la autoridad laboral.

La comunicación de apertura del centro de trabajo a la autoridad laboral competente deberá ser previa al comienzo de los trabajos y se presentará únicamente por los empresarios que tengan la consideración de contratistas de acuerdo con lo dispuesto en este real decreto.

La comunicación de apertura incluirá el Plan de Seguridad y Salud al que se refiere el artículo 7 del presente real decreto.”

Das alegacións do contratista se pode extraer a concorrencia do seu incumprimento, ó poñer de manifesto a falta de observancia das obrigas contractuais e incluso as da lexislación sectorial, tomando como base a súa interesada interpretación da letra do prego, facendo caso omiso das súas obrigas así como o conduto e procedemento para a súa atención.

Dacordo co informado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, e vistas as alegacións do contratista de data 23 de decembro de 2109 como resposta ó requirimento para que procedese a cumprir coas súas obrigas recollidas nas cláusulas que se citan, e o informe emitido con data de 3 de marzo de 2020, con relación ás alegacións contra a incoación , que ratifica os feitos sinalados ó longo do expediente e por tanto incide en maior medida na acreditación dos incumprimentos de obrigas de carácter esencial.

Respecto dos incumprimentos contractuais comunicados polo Servizo de Arquitectura, resulta preciso destacar : Que todos eles implican a inobservancia de obrigas esenciais.

Que a relativa á falta de entrega do Plan de Seguridade e Saúde, ademais implica a imposibilidade de inicio da execución material, e polo tanto, implica que o replanteo, mais aló de cumprir coa súa función de verificar, a dispoñibilidade efectiva os terreos e viabilidade do proxecto, non poida surtir os efectos que lle son propios respecto do inicio, e polo tanto que a responsabilidade sobre a falta do inicio lle corresponda en exclusiva ó contratista a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas de xeito que a súa actitude está a impedir de xeito consciente e inxustificadamente prolongado o inicio da obra frustrando o contrato.



A Deputación de Lugo non pode facer outra cousa que resolver o contrato por culpa do contratista, que de xeito deliberado e sostido no tempo se revela incumpridor do prego, e que mesmo ten tentado esgrimir o seu incumprimento como causa de resolución imputable a administración cando o cumprimento da obriga de “Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de Seguridade e Saúde incluído no proxecto técnico..... “corresponde en exclusiva a Prado Lameiro SL, sen que esta Deputación lle poida substituír no cumprimento deste requisito, cuxa sostida inobservancia impide *sine die* a execución dun contrato administrativo frustrando a finalidade pública á que serve, en claro detrimento do interese xeral.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias .

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego na súa cláusula 22.2 como causa de resolución:

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan :

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”

Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”

Apréciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais previstas na cláusula 22.2 (folio 727 do expediente) e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e causas de resolución do contrato (folio 728), cláusula vixésimo quinta (folio 736).

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería ,acordar a resolución por causa imputable o contratista cos seguintes efectos adicionais :

Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP) e 213.5 no canto se debe producir pronunciamento expreso ó respecto da procedencia de dita incautación, que neste caso se estema procedente de conformidade con consolidada xurisprudencia (SAN 4964/2012).

Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25 , art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001. Que de declararse a resolución implicará tramitación de procedemento ó efecto (ditame 14/03 do Consello de Estado).

Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP), que seguira un procedemento ó efecto.

Sobre o procedemento a seguir:



Compre analizar a solicitude de suspensión realizada polo contratista ó abeiro do art. 21 da lei 39/2015, e que así mesmo a suspensión da tramitación se configura con carácter potestativo, resultando determinante para que dita solicitude se informe de xeito desfavorable que neste caso se refira a un procedemento distinto e autónomo de resolución, caracterizado coas notas de urxencia e tramitación preferente na normativa de aplicación.

Como reconece o propio contratista, a súa solicitude de resolución imputable á administración xa foi resolta e desestimada, considerando, os fundamentos xurídicos da mesma, o seu procedemento e consecuencias específicas e téndose esgotado a vía administrativa.

Visto o anterior, nada impide a tramitación autónoma de outras causas de resolución que teñan a súa previsión autónoma na norma a marxe de outras xa resoltas, e en maior medida cando estas, por mor da conducta do contratista impiden a execución do contrato.

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 procedeuse a continuación do dito expediente, solicitando e obtendo o ditame do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución cando se formule oposición por parte do contratista como ocorre neste expediente.

Dito ditame ten avaliado a continuación do procedemento (paxina 10).

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

O ditame favorable do Consello Consultivo

Tense emitido ditame do Consello Consultivo favorable a resolución do expediente, o mesmo queda incorporado ó expediente e resulta accesible, para o interesado na sede electrónica na dirección <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirmalugo//code/IV67UPLM2E5ZYWGN7X6E4YTX6M>, polo que se entende posto de manifesto ó contratista xunto coa notificación do acordo que se adopte que inclúa dita dirección na sede electrónica.

Dito ditame 108/2020, confirma a procedencia da resolución nos termos propostos así como as consecuencias previstas na proposta de resolución (perda da garantía, tramitación de procedemento indemnizatorio e tramitación da prohibición para contratar). No mesmo, igualmente se confirma a improcedencia da suspensión do procedemento.

Compre recordar que neste ditame o Consello Consultivo ten indicado:

Deste xeito, desatendendo o requirimento realizado, e sendo recoñecida pola entidade mercantil a falta de entrega da documentación do Plan de seguridade antes da comprobación "*do reformulo*", apreciase, pois, a existencia dun incumprimento contractual culpable por parte do contratista suficientemente acreditado no actuado, o que determina a concorrencia da causa de resolución

Por tanto, co ditame do Consello Consultivo, completouse a instrución con escrupuloso respecto ao procedemento legalmente establecido, ao ser ditaminada de forma favorable a proposta de resolución adoptada por esta administración.

Quedou acreditado coa instrución do expediente a concorrencia de incumprimentos de obrigacións contractuais esenciais, que non poden ser cualificados doutro xeito que culpables e imputables ao contratista.

Resta xa que logo a adopción da resolución do procedemento confirmando a proposta de resolución adoptada, e ditaminada.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.



Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do Regulamento Orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente, así como o ditame favorable do Consello Consultivo, propono que a Xunta de Goberno, adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de suspensión por corresponder a presente coa tramitación de un procedemento autónomo de resolución, iniciado por concorrencia de supostos previstos de xeito específico nos pregos, no que non se aprecia a concorrencia das circunstancias que permitan a interrupción dun procedemento caracterizado coas notas de urxencia e preferencia na normativa de aplicación .

2º.- Resolver o contrato de obra para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón desestimando as alegacións formuladas polo contratista, Prado Lameiro SL, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos con natureza de obriga esencial ó abeiro da documentación obrante no expediente.

3º.- Notificar a presente á entidade Prado Lameiro SL, co correspondente réxime de recursos fronte a este acto que pon fin á vía administrativa.

4º.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 63730,55, resultan avalista Banco Santander SA coa referencia de depósito na Tesourería Provincial 32019002540.

5º.- Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

6º.- Dar traslado, do presente á asesoría xurídica xunto co ditame 108/ 2020 do Consello Consultivo, por si procedera a súa remisión ó Xdo. Contencioso/Admtvo. n. 2 de Lugo con relación ó P.O 0000421 /2019 /s”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Cardelle Hidráulica, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 02/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
		DATA	Nº		
FR/1.634/CO19	05/10/2019	11/10/2019	21.947	Mantemento dun camión grúa do Parque Móbil, realizado no mes de outubro do 2019.	1.066,29 €
TOTAL					1.066,29 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia do Parque Móbil, de data 16/10/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura pola Presidencia.



Declaración responsable asinada en data 15/01/2020, polo representante de Cardelle Hidráulica, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 16/10/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida polo Xefe do Parque Móbil.

Informe do Xefe do Parque Móbil, de data 16/01/2020, no que se di que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da partida durante todo o ano en curso.

Informe Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 27/01/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/02/2020, en relación coa existencia de crédito dispoñible no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.213.

Resolución da Presidencia, de data 24/04/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos:

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 (con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 20/04/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Cardelle Hidráulica, S.L., por mantemento dun camión grúa do Parque Móbil, realizado no mes de outubro do 2019, que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
FR/1.634/CO19	05/10/2019	1.066,29	9201.213	92020/1928
SUMA		1.066,29		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.066,29 euros.



Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que den lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu

caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia é indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 12 de marzo de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
CARDELLE HIDRÁULICA, S.L.	FR/1.634/CO19	5/10/19	1.066,29	9201.213

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 12 de marzo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as subministracións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para a reparación e mantemento da maquinaria e dos vehículos do Parque Móbil, así como que os subministros



efectuados eran urxentes e necesarios para o correcto funcionamento deste Servizo, procede validar a factura.

O período do aludido subministro foi de outubro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.066,29 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un

empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

Aínda que na proposta deste Servizo para levantar o reparo, de data 20/04/2020, se dicía que a aprobación das prestacións efectivamente executadas por Cardelle Hidráulica, S.L. correspondería á Presidencia (por Decreto de data 24/03/2020), posteriormente, por resolución de data 18/05/2020, aprobouse deixar sen efecto o decreto mencionado, polo que a competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela



época en fase de adjudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adjudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
Cardelle Hidráulica, S.L.	FR/1.634/CO19	05/10/2019	Mantemento dun camión grúa do Parque Móbil, realizado no mes de outubro do 2019.	1.066,29 €
TOTAL				1.066,29 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Cardelle Hidráulica, S.L.:

Nº FR/1.634/CO19 de data 05/10/2019, correspondente ó mantemento dun camión grúa do Parque Móbil, realizado no mes de outubro do 2019, dun importe total de 1.066,29 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á Solred, S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe de data 02/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(...

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:



Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
		DATA	Nº		
K/2019/0000001920	28/02/2019	12/03/2019	5.627	Subministración de gasolina no mes de febreiro do 2019, para maquinaria da Granxa Gayoso Castro.	26,06 €
TOTAL					26,06 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia do Parque Móbil, de data 21/03/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo daquela data Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 24/01/2020, polo representante de Solred, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 21/03/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións emitida polo Xefe do Parque Móbil.

Informe do Xefe do Parque Móbil, de data 30/01/2020, no que se di que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 11/03/2020, no que se di que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/4120.22103.

Resolución da Presidencia, de data 24/04/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 20/04/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Solred, S.A., por subministro de combustible á Granxa Provincial, que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
K/2019/0000001920	28/02/19	26,06	4120.22103	92020/1965
SUMA		26,06		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Parque Móbil Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na



Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 26,06 €.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e ós pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 24 de marzo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
SOLRED, S.A.	K/2019/0000001920	28/02/19	26,06	9201.22103

Procede informar:



Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 24 de marzo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as subministracións son os seguintes:

Debido a que non existe contrato para o subministro de combustible para a Granxa Gayoso Castro e que era urxente para continuar co traballo da maquinaria, procede validar a factura.

O período do aludido subministro foi de febreiro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 26,06 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en

semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

Aínda que na proposta deste Servizo para levantar o reparo, de data 20/04/2020, se dicía que a aprobación das prestacións efectivamente executadas por Solred, S.A. correspondería á Presidencia (por Decreto de data 24/03/2020), posteriormente, por resolución de data 18/05/2020, aprobase deixar sen efecto o decreto mencionado, polo que a competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados



consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
Solred, S.A.	K/2019/0000001920	28/02/2019	Subministración de gasolina no mes de febreiro do 2019, para maquinaria da Granxa Gayoso Castro.	26,06 €
TOTAL				26,06 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Solred, S.A.:

Nº K/2019/0000001920 de data 28/02/2019, correspondente á subministración de gasolina no mes de febreiro do 2019, para maquinaria da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 26,06 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA DE DOTACIÓN DE MARQUESIÑAS NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO, 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:



“Exposición de motivos

O modelo de asentamentos de poboación na provincia de Lugo, está caracterizado pola complexidade da nosa natureza territorial, cunha orografía variable de vales e montañas e cun alto grado de poboamentos diseminados, fiel reflexo do territorio galego.

A súa vez a nosa rede viaria provincial é unha das mais extensa do Estado, cuns 4.200 quilómetros de vías aproximadamente (preto do 17% do Estado), que fai que sexa un elemento vertebrador da provincia de Lugo e que facilite a comunicación entre os diferentes asentamentos de poboación da provincia.

Sumadas as características descritas anteriormente xunto coa climatoloxía adversa e variable que acontece na nosa provincia, fai que resulte de especial importancia o dotar de equipamentos accesorios e funcionais ás vías provinciais, para a mellora dos servicios e a calidade de vida da poboación local na provincia.

Coa finalidade de contribuír á potenciación do transporte colectivo e compartido, elevando o seu nivel de servizo e mellorando a súa calidade na liña do novo Plan de Transporte Público de Galicia, preténdese ampliar o número de marquesiñas instaladas nas estradas provinciais, asignándolle a cada concello un número de marquesiñas de xeito proporcional en relación aos quilómetros de estradas provinciais que discorren polo mesmo. As marquesiñas serán instaladas na ubicación que propoñan os concellos, tendo en conta a proximidade do ámbito municipal coas necesidades veciñais.

Antecedentes

Por acordo da Xunta de Goberno de data de 1 de abril de 2011, púxose en marcha unha primeira liña de Cooperación consistente no reparto dunhas cento vinte e cinco marquesiñas na provincia, no cal ditas marquesiñas substituían a outras que tiñan mais de vinte anos, adquiridas pola Deputación Provincial e proporcionadas aos concellos de quen dependía a instalación e que determinaron tamén o lugar no que se situaron.

Posteriormente, por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de decembro de 2018, a Deputación Provincial aprobou unha segunda contratación de subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial, no cal se instalaron un total de cento vinte marquesiñas distribuídas nos cincuenta e cinco concellos que se adheriron ao programa.

Na actualidade plantéxase un novo programa de dotación de marquesiñas cun importe total de gasto de 200.000,00 € (IVE engadido), para reforzar o sistema viario provincial, que sirva para a mellora da calidade de vida da poboación local na provincia de Lugo.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo por medio da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, no exercicio das competencias atribuídas, de conformidade con canto se establece polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso: “En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia...” – artigo 36.1.d da mesma -, e na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local pon en marcha o programa: Dotación de marquesiñas na rede viaria provincial de Lugo/2020.

Obxecto:

O presente programa ten como obxecto o subministro e instalación de marquesiñas na rede provincial de estradas, para que sirvan de apoio para a poboación local e como reforte das infraestruturas da rede provincial sendo elementos funcionais no dominio público da propia vía de comunicación, como “paradas de autobuses” (artigo 6.2a Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

Número de marquesiñas a subministrar:

Estímase un número mínimo de marquesiñas a subministrar, tendo en conta o valor estimado do contrato, de oitenta e dúas (82).



Renuncias: No caso de existir algunha renuncia ou non esté interesado algún concello na instalación da/das marquesiñas correspondentes, a/as marquesiñas non instaladas asignaranse ao/aos concello/os inmediatamente posterior/res no cálculo descrito no anexo.

Economías de licitación: Se a empresa adxudicataria ofrecera unha economía na licitación, repercutirá na subministración de nova/as marquesiña/as ao/aos concello/os inmediatamente posterior/res no cálculo descrito no anexo.

Criterios de reparto:

Os criterios de reparto das marquesiñas a distribuír aos 67 concellos da provincia, será en función dos parámetros obxectivos descritos no anexo adxunto de cálculo.

O número total de marquesiñas, resultante do procedemento de adxudicación, distribuirase de xeito proporcional entre os distintos concellos segundo a lonxitude total de estradas de titularidade provincial que discorren polos mesmos, empregando o sistema de reparto proporcional D'Hont, unha vez asignado un mínimo de unha (1) marquesiña a cada concello.

Asignarase un mínimo dunha marquesiña por concello e a maiores repartiranse as restantes principalmente en función do número de quilómetros de vías provinciais.

Se un concello non está interesado na instalación da/das marquesiñas correspondentes ou ben non cumpre as especificacións establecidas por esta Deputación, a/as marquesiñas non instaladas asignaranse tal como se indicou no reparto inicial.

Contía do programa:

A contía destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excm. Deputación Provincial ascende á cantidade de 200.000,00 € (aplicación orzamentaria 1531.65009). Os criterios de reparto das marquesiñas a distribuír aos concellos será en función dos criterios obxectivos de reparto descritos no apartado anterior.

No prezo considérase incluídos todos os gastos necesarios de fabricación/subministración e instalación e retirada das substituídas, se as houbera, segundo as especificacións establecidas e cumprindo a lexislación vixente.

Obrigas da deputación provincial:

As obrigas da Deputación Provincial de Lugo son:

Financiar a compra de marquesiñas descritas no prego de prescricións técnicas, para distribuír aos distintos concellos da provincia.

Adquirir ditas marquesiñas para a súa posterior colocación na rede provincial de Lugo.

Instalar as marquesiñas na base de cimentación realizada ao efecto para a súa colocación. A instalación será realizada pola empresa adxudicaria do contrato. De ser necesaria a construción de novas bases ou a reparación das existentes, serán realizadas coas características axeitadas para a instalación das mesmas, correndo tamén a cargo da empresa adxudicataria e a retirada das antigas marquesiñas.

Obrigas dos concellos:

As obrigas dos Concellos son:

Propoñer 2 posibles ubicacións para cada marquesiña coa súa localización nas vías provinciais, facendo constar si é de reemprazo das xa existentes ou de nova creación, e decidida en función das necesidades de cada concello. Posteriormente terá que comunicalo á Deputación Provincial, á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de ditas ubicacións precisas.

Tramitar as autorizacións e licenzas que no seu caso correspondan e comunicar á Deputación que contan coas autorizacións e licenzas necesarias para a instalación.



Comprometerse ao mantemento destas instalacións.

Cumprir os prazos establecidos.

Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición:

Os concellos deberán solicitar a participación no programa de dotación de marquesiñas, para elo deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dos 10 días hábiles seguintes a contar dende a notificación do programa e, en todo caso, logo do remate do Estado de Alarma.

Á solicitude da adhesión deberá acompañar a seguinte documentación:

Comunicación da ubicación precisa da/das marquesiñas (2 ubicacións por marquesiña), sobre planos en coordenadas xeográficas, indicando a súa vez cal/cales marquesiña/s serán de nova creación e cal/cales de reempazo das xa existentes. As coordenadas poderán obtelas empregando o visor de mapas da Deputación ou similar (https://eieldelugo.usc.es/eieldelugo_visor/).

Compromiso de mantemento das marquesiñas.

Instrución do procedemento:

A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a responsable de tramitar as solicitudes e verificará que conteñen a documentación esixida no apartado anterior.

Os técnicos da Deputación Provincial de Lugo levarán o control e seguimento da execución das actuacións.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación ao Programa de dotación de marquesiñas na rede viaria provincial de Lugo/2020, por importe de 200.000 €.

2º.- Que se incoe o correspondente expediente de contratación da subministración.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá- Axencia da Enerxía, conformado polo Xefe do Servizo de contratación e fomento, de data 03-06-2020, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o Acordo Marco para a subministración do Gas Natural con varios adxudicatarios e distribuído por lotes xeográficos, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCA) e uns pregos de Prescricións Técnicas (PPT). Dito acordo



marco se adjudicou para os lotes 1,2,3,4,5 a Gas Natural Comercializadora S.A. e Endesa Energía S.A.U. con data 23 de maio de 2019, formalizándose os correspondentes Acordos Marco o 24 de Xuño de 2019. O lote que corresponde a esta entidade é o lote 1: Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, La Rioja e Castilla y León.

En dita licitación, a FEMP tivo en conta todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

Tal e como se indica na cláusula 6 prazo de duración do contrato do PCA do Acordo Marco:

“El plazo de duración del Acuerdo Marco será de dos (2) años desde la fecha que se establezca en el documento de formalización y que será siempre posterior al 24 de marzo de 2019. El Acuerdo Marco podrá ser objeto de prórrogas anuales (12 meses, cada una) sucesivas, por mutuo acuerdo, antes de la finalización del mismo. No obstante, la duración de la última prórroga anual podrá ser reducida por acuerdo entre ambas partes hasta un máximo de seis (6) meses.

La duración total del Acuerdo Marco, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 48 meses (4 años), de conformidad con lo dispuesto en el artículo 219.2 de la LCSP.”

Ademais nesa mesma cláusula 6 do PCA tamén se indica:

“El plazo de vigencia del Acuerdo Marco delimita el plazo en el que podrán adjudicarse los Contratos basados en el mismo. No obstante, la duración de los Contratos basados podrá exceder la del Acuerdo Marco, con las limitaciones previstas en este PCA.

Sólo podrán adjudicarse Contratos basados en un Acuerdo Marco durante la vigencia de este último. La fecha relevante para entender que se ha cumplido este requisito será la del envío del Documento de Invitación por parte de la Entidad Local.”

Por outra banda, na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 2, Duración dos Contratos baseados e revisión de prezos do PCA do Acordo Marco, se indica:

“Los Contratos basados podrán adjudicarse durante la vigencia del presente Acuerdo Marco, incluidas las prórrogas de éste.

La duración ordinaria de los Contratos basados será de como mínimo de un año, tal y como dispone la normativa sectorial de aplicación, pudiendo celebrarse prórrogas por periodos de un año, hasta un máximo de cinco años”.

O sinalado na cláusula 21.2 do Prego de Cláusulas Administrativas do Acordo Marco é conforme co establecido ao respecto no artigo 219.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, onde se dispón que “La duración de los contratos basados en un acuerdo marco será independiente de la duración del acuerdo marco, y se regirá por lo previsto en el artículo 29 de la presente Ley, relativo al plazo de duración de los contratos y de ejecución de la prestación, así como por los pliegos reguladores del acuerdo marco”. Pola súa banda o artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público establece que “Los contratos de suministros y de servicios de prestación sucesiva tendrán un plazo máximo de duración de cinco años, incluyendo las posibles prórrogas”.

Actualmente a Deputación de Lugo non conta cun contrato global en vigor para a subministración do Gas Natural, polo que é necesario e urxente a realización desta contratación. Ante dita necesidade, a Deputación de Lugo ao estar adherida á Central de Contratación da FEMP, e estando vixente ese contrato, pode contratar esta subministración do Gas Natural a través do Acordo Marco que a FEMP ofrece aos seus asociados.

Á vista da instrución recibida por parte do Presidente (P.D. Decreto de data 26-07-2019 O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social Pablo Rivera Capón) na cal se lle encomendaba ao persoal da Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía realizar os trámites precisos para levar a cabo esta contratación, e da información remitida polo Servizo de Contratación e Fomento con datos dos contratos do Gas Natural, desde a Axencia da Enerxía procedeuse a iniciación dos trámites pertinentes para poder levar a cabo esta contratación,



a cal se fará a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural.

Con data 26 de marzo de 2020 a Presidencia da Deputación de Lugo adoptou a seguinte resolución:

“Ordenar que a tramitación da contratación da Subministración do Gas Natural nas Dependencias da Deputación de Lugo se realice a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural.

A estes efectos, a tramitación, a adxudicación e a execución deste Contrato se rexerán polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares reitores do Acordo Marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

Facultar á Sección de Innovación e Participación Cidadá- Axencia da Enerxía, para realizar a través da plataforma habilitada pola FEMP todos os trámites precisos para proceder á contratación de referencia.

En relación a esta cuestión, corresponderalle á dita Sección, entre outros trámites, cursar as invitacións solicitando ofertas para o Contrato Baseado de acordo cos modelos aprobados pola FEMP, así como como a apertura das mesmas, podendo estar asistido na mencionada apertura por persoal do Servizo de Contratación e Fomento. Tal e como se indica na cláusula 21.1 do PCA: Procedemento para a tramitación dos Contratos Baseados, a invitación será remitida a tódolos adxudicatarios do Acordo Marco, que neste caso son: Gas Natural Comercializadora S.A. e Endesa Energía S.A.U.

Encomendar á Sección de Innovación e Participación Cidadá- Axencia da Enerxía as tarefas relativas á execución e seguimento do contrato baseado. En ningún caso, esta encomenda incluírá, as tarefas relativas ao mantemento e xestión das instalacións, sendo responsable das mesmas o Servizo da Deputación de Lugo que as estea asumindo actualmente.

Nomear como responsable do presente contrato a D. Antonio Álvarez Cabana, Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía”.

Con data 27 de abril de 2020 a Presidencia da Deputación de Lugo adoptou a seguinte resolución:

“Non suspender os prazos e consecuentemente continuar a tramitación do procedemento administrativo con número de expediente, incoado co obxecto de proceder á contratación da Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural, en aplicación do establecido no apartado 3 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na redacción dada ao mesmo polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo.

Motívase a non suspensión de prazos e a continuación do procedemento administrativo sinalado con fundamento nas seguintes cuestións:

En relación á necesidade de execución material do contrato e a posibilidade de que as prestacións do mesmo pódanse realizar na situación actual, compre sinalar que a Deputación de Lugo non conta na actualidade cun contrato global para a subministración do Gas Natural nas súas dependencias. Por este motivo, considérase necesario e urxente a regularización desta situación toda vez que dita subministración séguese prestando na data actual con independencia da declaración do estado de alarma, por ser un elemento necesario para o normal funcionamento das dependencias provinciais onde se realiza.

En relación á conformidade dos interesados para a continuación do procedemento, figuran no expediente as declaracións responsables das empresas adxudicatarias do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do gas natural (Gas Natural Comercializadora S.A. e Endesa Energía S.A.U.), nas que manifestan a súa conformidade coa non suspensión dos prazos administrativos en dito procedemento de contratación.



Non obstante, atopándose este expediente en fase previa á presentación de ofertas por parte dos adxudicatarios do acordo marco da central de contratación da FEMP, os prazos establecidos ao efecto nas diferentes fases do procedemento, reiniciaranse a partir da recepción por parte dos adxudicatarios do mencionado Acordo Marco, da notificación que se practique da presente Resolución.

Notificar a presente Resolución as dúas empresas adxudicatarias do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do gas natural: Gas Natural Comercializadora S.A. e Endesa Energía S.A.U., a través da plataforma da FEMP.”

Con data 05 de maio de 2020, conforme ao establecido na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco do PCA, dende a Deputación de Lugo procedeuse ao envío das invitacións as dúas empresas adxudicatarias do Acordo Marco: Gas Natural Comercializadora S.A. e Endesa Energía S.A.U., a través da plataforma da FEMP, sendo o prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais a contar dende o seguinte ao envío do Documento de Invitación. A data límite para presentar ofertas rematou o 20 de maio de 2020 as 23:59h. Ambas empresas presentaron as súas ofertas dentro do prazo establecido. A apertura das ofertas foi realizada con data 21 de maio de 2020 a través da plataforma habilitada ao efecto pola FEMP.

Con data 18/05/2020 Gas Natural Comercializadora S.A. presentou oferta en prazo a través da plataforma da FEMP, a cal se axustaba ao indicado nos seguintes documentos: pregos do Acordo Marco; oferta presentada no Acordo Marco; documento de formalización do Acordo Marco e o documento de invitación para participar no contrato baseado, respectando polo tanto, o prezo máximo de referencia da empresa no momento de envío do documento da invitación.

Con data 19/05/2020 Endesa Energía S.A.U. presentou en prazo oferta a través da plataforma da FEMP, a cal se axustaba ao indicado nos seguintes documentos: pregos do Acordo Marco; oferta presentada no Acordo Marco; documento de formalización do Acordo Marco e o documento de invitación para participar no contrato baseado, respectando polo tanto, o prezo máximo de referencia da empresa no momento de envío do documento da invitación.

Tal e como se indicaba nas invitacións, as ofertas presentáronse por consumos (agrupados por tarifas conforme ao anexo II do documento de invitación).

As ofertas presentadas polos licitadores resúmense na seguintes táboas:

RESUMO DAS OFERTAS PRESENTADAS					
LICITADOR		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A	Prezo €/kWh	0,049750	0,044557	0,039230	0,036598
ENDESA ENERGÍA S.A.U.	Prezo €/kWh	0,053208	0,045401	0,040306	0,032763

ANEXO II: INFORMACIÓN SOBRE OS CONSUMOS							
LUGAR DA SUBMINISTRACIÓN	Número de CUP	Consumo estimado anual por cada punto (kWh)	Tipo Tarifa en función do consumo de cada punto	Prezo €/kWh GNC - OFERTADO	Prezo €/kWh Endesa - OFERTADO	Oferta GNC (€)	Oferta Endesa (€)
PAZO PROVINCIAL	ES0224050025509003HG	1.128.214	3.4	0,036598	0,032763	41.290,38	36.963,68
MUSEO PROVINCIAL	ES0224050033820221EB	276.970	3.4			10.136,55	9.074,37
PAZO DEPORTES	ES0224050000065556NP	1.191.421	3.4			43.603,63	39.034,53
SANTO ANXO-ANTIGUA FUNDACIÓN TIC	ES0224050025508210YQ	150.724	3.4			5.516,20	4.938,17
STA MARÍA Nº2	ES0224050025508673AL	263.568	3.4			9.646,06	8.635,28
STA MARÍA Nº4	ES0224050025508774PM	282.385	3.4			10.334,73	9.251,78
	Número de CUP	Consumo estimado anual por cada punto (kWh)	Tipo Tarifa en función do consumo de cada punto	Prezo €/kWh GNC - OFERTADO	Prezo €/kWh Endesa - OFERTADO	Oferta GNC (€)	Oferta Endesa (€)
STA MARÍA Nº9	ES0224050025508874NJ	5.000	3.1	0,049750	0,053208	248,75	266,204
					TOTAL	120.776,28	108.163,84

Clasificación das empresas, por orde, da máis vantaxosa economicamente a menos vantaxosa.

ORDEN	EMPRESA	OFERTA (€)
1ª	Endesa Energía S.A.U	108.163,84
2ª	Gas Natural Comercializadora S.A	120.776,28



A proposta económica máis vantaxosa é a da empresa Endesa Energía S.A.U. Segundo o establecido na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco no punto 1 Procedemento para a tramitación dos Contratos Baseados do PCA do Acordo Marco e no documento de invitación, o único criterio de adxudicación que rexe a licitación do Contrato baseado é o prezo ofertado. Para a valoración deste criterio, o prezo calculouse en función do número de unidades enerxéticas de consumo estimado anual en cada punto de subministro (KWh) e o prezo unitario ofertado polas empresas (€/KWh) correspondente a cada tarifa, segundo se indica no Anexo II: información sobre os consumos, e que conforma a oferta máis vantaxosa para o conxunto de subministros.

O contrato baseado, se axustará, entre outras, ás seguintes condicións:

O orzamento base de licitación deste contrato baseado ascende a 214.507,46 euros. O orzamento base de licitación inclúe 37.228,57 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 177.278,89 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, atendendo á seguinte estimación por anualidades:

Número de CUP	ANUALIDADE 2020	ANUALIDADE 2021	TOTAL (IVE incluído)
ES0224050025509003HG PAZO PROVINCIAL SAN MARCOS	48.781,33 €	24.390,67 €	73.172,00 €
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	12.656,05 €	6.328,03 €	18.984,08 €
ES0224050000065556NP PAZO DOS DEPORTES	48.436,33 €	24.218,17 €	72.654,50 €
ES0224050025508210YQ SANTO ANXO-ANTIGA FUNDACIÓN TIC	7.371,19 €	3.685,60 €	11.056,79 €
ES0224050025508673AL SANTA MARÍA Nº 2	11.821,99 €	5.911,00 €	17.732,99 €
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	12.594,79 €	6.297,39 €	18.892,18 €
ES0224050025508874NJ STA. MARÍA Nº 9	1.343,28 €	671,64 €	2.014,92 €
	143.004,97 €	71.502,49 €	214.507,46 €

*En relación ao Orzamento Base de Licitación cabe salientar que foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais, por tal motivo ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo,

quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é de 709.115,56 euros, sendo a suma do importe total sen IVE e incluíndo as posibles prórrogas. O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, consonte ao establecido no artigo 21 da LCSP [Cifra actualizada polo artigo único 1.c) da Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2020 («B.O.E.» 31 decembro)]. Ao tratarse dun contrato baseado de subministración de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44 da LCSP, letras a e b) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º de dito artigo.

A duración do contrato baseado, tal e como se indica no documento de invitación, é de 1 ano, podendo prorrogarse anualmente. Se poderán celebrar ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos. Considerando o establecido tanto nas cláusulas 6 e 21 do PCA do Acordo Marco como nos artigos 219.4 e 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, entendemos que se esta duración se axusta ao previsto na mencionada Lei de Contratos do Sector Público, toda vez que a duración dos contratos baseados nun acordo marco será independente da duración do propio acordo marco, e non supera o prazo máximo de 5 anos (incluíndo as posibles prórrogas) que a lei establece para os contratos de subministración de prestación sucesiva, como é este o caso.

Garantías: De conformidade coa cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco no punto 10 Garantías nos Contratos Baseados, non se esixe garantía definitiva ao tratarse dunha subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción debe efectuarse antes do pago do prezo. Tampouco deberá constituírse garantía provisional.

Condición especial de execución de carácter ambiental: En virtude do indicado tanto na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco punto 5 Condicións Especiais de Execución do



PCA do Acordo Marco, como no documento de invitación, o adxudicatario deberá executar un estudo e prestar asesoramento sobre a posibilidade de realizar un cambio das actuais instalacións gasistas ou doutro combustible de titularidade da Deputación de Lugo a Gas Natural, por motivos vinculados á eficiencia enerxética.

Conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o Contrato Baseado no Acordo Marco se perfecciona coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.

A comunicación da adxudicación se realizará mediante a Plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP, sen prexuízo de que se proceda á notificación e publicación da adxudicación conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Consideracións xurídico- administrativas

O procedemento de adxudicación realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de gas natural e aos PCA e PPT que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución deste Contrato supeditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de gas natural da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Supletoriamente aplicárase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime

Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao presente Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento, e entre outras, a título enunciativo e non exhaustivo polas seguintes disposicións:

Lei 34/1998, do 7 de outubro, de Hidrocarburos.

Real Decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e establécese un sistema económico integrado do sector de gas natural.

Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

Lei 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural.

Real Decreto 197/2010, do 26 de febreiro, polo que se adaptan determinadas disposicións relativas ao sector de hidrocarburos ao disposto na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Orde TEC/1367/2018, do 20 de decembro, pola que se establecen as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas e a retribución das actividades reguladas para o ano 2019.

Resolución do 26 de decembro de 2013, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se publica a tarifa de último recurso de gas natural.

Calquera outra disposición que afecte, modifique, desenvolva, derroque ou substitúa a estas normas.



Teñen carácter contractual os seguintes documentos: o PCA, o PPT, o documento de formalización do Acordo marco, o documento de invitación, a oferta presentada pola adxudicataria e o presente acordo de adxudicación.

De conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto da contratación da Subministración do Gas Natural nas Dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural-Núm. de Expediente, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 214.507,46 euros. O orzamento base de licitación inclúe 37.228,57 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 177.278,89 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP atendendo ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
PAZO PROVINCIAL	9200.22102	73.172,00	48.781,33	22020/3826	24.390,67	220209/80
MUSEO PROVINCIAL	3330.22102	18.984,08	12.656,05	22020/3827	6.328,03	220209/81
PAZO DOS DEPORTES	3420.22102	72.654,50	48.436,33	22020/3829	24.218,17	220209/82
SERVIZO AUDIOVISUAIS	3241.22102	11.056,79	7.371,19	22020/3838	3.685,60	220209/83
SANTA MARIA Nº 2	4500.22102	17.732,99	11.821,99	22020/3839	5.911,00	220209/84
SANTA MARIA Nº 4	2413.22102	18.892,18	12.594,79	22020/3840	6.297,39	220209/85
SANTA MARIA Nº 9	2413.22102	2.014,92	1.343,28	22020/3841	671,64	220209/86
TOTAL		214.507,46	143.004,97		71.502,49	

En virtude do disposto no informe de intervención de data 05/03/2020, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 143.004,97 euros, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

2º.- Adxudicar o contrato baseado para a subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural, a favor da empresa Endesa Energía S.A.U.

3º.- A empresa adxudicataria comprométese a subministrar Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 177.278,89 euros, aos que hai que engadir 37.228,57 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 214.507,46 euros, de acordo co seguinte detalle e tendo en conta a data prevista de inicio da subministración:



CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES0224050025509003HG PAZO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22102	73.172,00	48.781,33	22020/3826	24.390,67	220209/80
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	3330.22102	18.984,08	12.656,05	22020/3827	6.328,03	220209/81
ES0224050000065556NP PAZO DOS DEPORTES	3420.22102	72.654,50	48.436,33	22020/3829	24.218,17	220209/82
ES0224050025508210YQ SANTO ANXO- ANTIGA FUNDACIÓN TIC	3241.22102	11.056,79	7.371,19	22020/3838	3.685,60	220209/83
ES0224050025508673AL SANTA MARÍA Nº 2	4500.22102	17.732,99	11.821,99	22020/3839	5.911,00	220209/84
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	2413.22102	18.892,18	12.594,79	22020/3840	6.297,39	220209/85
ES0224050025508874NJ STA. MARÍA Nº 9	2413.22102	2.014,92	1.343,28	22020/3841	671,64	220209/86
TOTAL		214.507,46	143.004,97		71.502,49	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán na presente contratación, resúmense na seguinte táboa:

Prezo unitario ofertado polo adxudicatario do contrato					
LICITADOR		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	0,045401	0,040306	0,032763

Os prezos unitarios soamente poderán ser modificados en virtude do disposto na Cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 2, Duración dos Contratos baseados e revisión de prezos do PCA do Acordo Marco, onde se indica:

“Si durante la vigencia del Acuerdo Marco se produjese una modificación regulatoria que afectase al importe de los conceptos regulados que integran el precio total del suministro o de otros conceptos regulados por la Administración, los precios aplicados por los contratistas se

actualizarán en la misma proporción en que varíe cada una de las tarifas, entrando en vigor la modificación de precios en la misma fecha en que entre en vigor la modificación de las tarifas.

Esta modificación de precios podrá ser, tanto al alza como a la baja, pudiendo el contratista ofertar una modificación de precios distinta que la resultante de la modificación de las tarifas de acceso o del importe de alguno de sus elementos, siempre que la misma resulte económicamente más ventajosa...”.

4°.- A duración do Contrato Baseado será de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas dun ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

5°.- O adxudicatario, como condición especial de execución de carácter ambiental, de acordo co previsto na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 5 Condicións Especiais de Execución do PCA do Acordo Marco e o recollido nos documentos de invitación, deberá executar un estudo e prestar asesoramento sobre a posibilidade de realizar un cambio das actuais instalacións gasistas ou doutro combustible de titularidade da Deputación de Lugo a Gas Natural, por motivos vinculados á eficiencia enerxética.

6°.- Tendo en contra as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 10, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago.

7°.- O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.



Non obstante o anterior, e, en virtude do indicado na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 3 Execución e cumprimento dos contratos baseados do PCA do Acordo Marco, onde se indica: “En lo referente a la prestación efectiva del suministro, la adjudicataria deberá iniciar el mismo en el plazo máximo de un (1) mes desde la notificación de la resolución de adjudicación, a no ser que la Entidad Local indicara un plazo superior y siempre y cuando no se produzcan retrasos en la aceptación de acceso de terceros a las instalaciones gasistas por parte de la distribuidora”, aínda que o prazo de duración do presente contrato baseado comezará a contar desde o momento no que se produza á notificación da súa adxudicación ao contratista, á prestación efectiva da subministración iniciárase no prazo máximo de un mes desde dita notificación. Durante este prazo, a subministración seguirá realizándose pola mesma empresa e nas mesmas condicións que se están facendo actualmente, xa que as dependencias da Deputación de Lugo non poden quedar sen a prestación deste servizo esencial.

8º.- Notificar a presente adxudicación aos interesados conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, isto é, a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica, realizándose, ademais unha comunicación adicional a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, de acordo co previsto ao efecto na cláusula 21.1, apartado b) do PCA do Acordo marco.

Lembrar que segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a mencionada cláusula 21.1, apartado b) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

9º.- Dar traslado do contido íntegro do presente acordo ao Servizo de Contratación e Fomento desta entidade, aos efectos da publicación da adxudicación do contrato baseado, no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), conforme ao establecido no artigo 154.4 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: Obras de Adaptación Residencia e Centro de Día de Castroverde

Contratista: Covisam Norte, S.L.

Director Técnico: Unidade de Proxectos

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DO ENCARGO AO MEDIO PROPIO TRAGSA PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS NOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RIO SIL-EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO-EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO), DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA QUE REXERÁ NO ENCARGO DE DITA ACTIVIDADE PARA ADAPTALA Á NOVA



REALIDADE DA COVID-19, E DO ESTABLECEMENTO DE CONDICIÓNS DE FLEXIBILIDADE PARA A CANCELACIÓN E CAMBIO DE DATA NAS RESERVAS.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“En vista do informe do Servizo de Turismo no que se recolle textualmente:

“(…) Que por acordo da Xunta de Goberno, de data 6 de marzo de 2020, dispúxose o encargo ao medio propio TRAGSA para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (río Sil -embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020.

O pasado 14 de marzo, aprobouse o Real Decreto 463/2020, polo que se declaraba o estado de alarma con motivo da crise sanitaria orixinada pola pandemia da COVID-19.

Que o Consello de Ministros, en sesión extraordinaria celebrada no día 29 de marzo de 2020, aprobou un Real Decreto Lei 10/2020, polo que se regulaba un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras dos servizos non esenciais, como medida de loita contra a COVID-19. Este permiso era de aplicación obrigatoria a todas as persoas traballadoras que prestaran servizos que non desenvolven actividades que fosen esenciais.

Con base no anteriormente exposto e, visto que esta actividade non se encontraba dentro das sinaladas no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, a Presidencia da Deputación de Lugo resolveu con data 31 de marzo de 2020 a suspensión do encargo ao medio propio TRAGSA para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (río Sil-embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020.

Que, a día de hoxe, os efectos da crise sanitaria provocada pola pandemia da Covid 19 se atopan en fase de normalización conforme ao proceso recollido no denominado “Plan de Transición cara á nova normalidade” do Goberno de España, prevéndose que a Comunidade

Autónoma Galega entre previsiblemente nos próximos días na denominada Fase 3 da desescalada, durante a que se permitirá a realización de actividades turísticas para grupos máis numerosos de participantes que nas anteriores fases sempre que como mínimo se cumpran as medidas hixiénico-sanitarias contidas nas diferentes disposicións reguladoras.

Que os efectos socio-económicos da Covid 19 causaron un profundo impacto negativo na actividade turística, derivado da aplicación do Estado de Alarma, causando cuantiosas perdas ao empresariado do territorio motivadas, entre outras, polas cancelacións das viaxes e a conseguinte perda dos ingresos xerados en momentos clave para a actividade como a Semana Santa, fins de semana de abril ou o mes de maio, segundo se desprende do informe do impacto da Covid 19 no sector turístico galego elaborado polo Clúster de Turismo de Galicia.

Polo anteriormente exposto, seguindo as indicacións da Deputada-Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, e co ánimo de adoptar medidas que, cumprindo estrictamente os protocolos hixiénico-sanitarios tanto regulados como recomendados para esta actividade e outras análogas, poidan incidir positivamente tanto na atención aos viaxeiros como na reactivación económica do tecido social e empresarial da Ribeira Sacra e da provincia de Lugo no seu conxunto, infórmase das necesidades seguintes:

Levantar a suspensión do encargo ao medio propio Tragsa en relación á actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (río Sil -embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020.

Determinar que de acordo cos novos axustes temporais do encargo (dende o 8 de xuño ata o 31 de outubro de 2020), a contía do mesmo para esta anualidade ascende á cantidade de 490.149,72 €.

Modificar os seguintes termos da memoria que rexerá no encargo da actividade de funcionamento das rutas fluviais para a tempada 2020 co fin de adaptala á nova realidade da Covid 19:



Eliminar do obxecto do encargo a obrigatoriedade por parte de TRAGSA de realizar enquisas de satisfacción aos visitantes, que asumirá directamente o Servizo de Turismo como unha medida de reforzo do control da calidade por parte da Deputación de Lugo como entidade titular das rutas fluviais. Neste senso, dende o Servizo de Turismo contactarase persoalmente cos viaxeiros trala actividade para, por unha banda, poder coñecer de primeira man a efectividade en termos de calidade do servizo das medidas adoptadas para a prevención do contaxio por Covid 19, para solicitarlles que cumplimenten unha enquisa de satisfacción e para ofrecerlles asesoramento e información turística personalizada no caso de que continúen a súa viaxe pola provincia de Lugo. A este respecto, resulta necesario proceder a modificar a memoria nos termos que a continuación se indican:

Páxina 4, apartado 6º, onde se dicía :

“A remisión por correo electrónico ao responsable do encargo por parte da Administración da copia dos documentos de control de grupos e follas de reclamación, se as houberse, con periodicidade diaria, e das enquisas de satisfacción coa periodicidade establecida por aquél”;

Debe dicir:

“A remisión por correo electrónico ao responsable do encargo por parte da Administración da copia dos documentos de control de grupos e follas de reclamacións, se as houberse, con periodicidade diaria”.

Páxina 5, apartado 8º: polo anteriormente indicado, debe procederse á eliminación do parágrafo que estable no apartado de obxecto do encargo “A realización de informes mensuais sobre os resultados das enquisas de satisfacción e un informe xeral relativo a toda a tempada cando esta finalice”

Páxina 13, apartado “f”, onde se dicía:

“O Servizo de Turismo porá a disposición da empresa TRAGSA cantos documentos -se consideren oportunos- para mellorar eficazmente a execución do encargo que serán de obrigado

uso e cumprimentación nas rutas fluviais. Os documentos relativos a enquisas de satisfacción, follas de reclamacións, modelos de documentos de control de grupos, etc. cumprimentaranse exclusivamente en modelos normalizados e facilitados polo Servizo de Turismo, sen perxuízo de que a empresa TRAGSA poida propoñer ao responsable do encargo melloras sobre estes documentos coa fin de facilitar a súa operatividade.”,

Debe dicir:

“O Servizo de Turismo porá a disposición da empresa TRAGSA cantos documentos -se consideren oportunos- para mellorar eficazmente a execución do encargo que serán de obrigado uso e cumprimentación nas rutas fluviais. Os documentos relativos a follas de reclamacións, modelos de documentos de control de grupos, etc. cumprimentaranse exclusivamente en modelos normalizados e facilitados polo Servizo de Turismo, sen perxuízo de que a empresa TRAGSA poida propoñer ao responsable do encargo melloras sobre estes documentos coa fin de facilitar a súa operatividade.”,

b) Incluír no apartado 1º da memoria, relativo ao obxecto do encargo e descrición dos traballos a realizar, un novo apartado que queda redactado como segue:

O deseño e adopción dos protocolos hixiénico-sanitarios preceptivos legalmente e os que adicionalmente se consideren necesarios ou recomendables de acordo coas características do servizo para previr o contaxio por Covid 19 entre o persoal das rutas e os viaxeiros, en coordinación co responsable do encargo.

c) A modificación do Anexo IV da memoria do encargo no referente ao calendario de funcionamento das rutas fluviais ata o 31 de outubro de 2020, xa que por motivos de reforzo das tarefas de limpeza e desinfección das embarcacións que deben realizarse entre cada viaxe e para evitar aglomeracións de viaxeiros, dispoñendo saídas escalonada das embarcacións que realizan o percorrido nas rutas fluviais, así como en adopción das necesarias medidas hixiénico-sanitarias adicionais para previr o contaxio pola Covid 19, o Anexo IV da memoria do encargo queda como segue:



Anexo IV

Embarcadoiro Ponte do Sil

Xuño (dende o día 13)		
De luns a domingo.....	26 prazas.....	11:00h, 16:00h e 19:15h
De luns a domingo.....	53 prazas.....	11:30h e 17:30h
Xullo e Agosto		
De luns a domingo.....	26 prazas.....	11:00h, 16:00h e 19:15h
De luns a domingo.....	53 prazas.....	11:30h e 17:30h
Setembro		
Dende o día 1 ata o día 13.....	26 prazas.....	11:00h, 16:00h e 19:15h
Dende o día 1 ata o día 13.....	53 prazas.....	11:30h e 17:30h
Dende o día 14 ata o día 30.....	26 prazas.....	11:00h e 16:00h
Dende o día 14 ata o día 30.....	53 prazas.....	11:30h e 17:30h
Outubro		
De mércores a domingo + día 12.....	26 prazas.....	11:00h e 16:00h
De mércores a domingo + día 12.....	53 prazas.....	11:30h e 16:30h

Embarcadoiro Belesar

Xuño (dende o día 13)		
De mércores a domingo.....	31 prazas.....	11:00h, 16:00h e 19:15h
Xullo e Agosto		
De luns a domingo.....	31 prazas.....	11:00h, 16:00h e 19:15h
Setembro		
Dende o día 1 ata o día 20.....	31 prazas.....	11:00h, 16:00h e 19:15h
Dende o día 21 ata o día 30.....	31 prazas	11:30h e 16:30h
Outubro		
Venres, sábados e domingos + día 12	31 prazas.....	11:30h e 16:30h

* O número de prazas dispoñibles poderá estar suxeito a revisión por parte do responsable do encargo en función da evolución da situación sanitaria, sen que isto supoña custe adicional algún para a Deputación de Lugo.

Flexibilizar as condicións de cancelación e cambio de data das viaxes por parte dos usuarios das rutas fluviais, así como da posibilidade de devolver o importe do billete adquirido con anticipación (sempre que esta devolución sexa solicitada con anterioridade á realización da viaxe), no seu caso, dadas as especiais circunstancias sanitarias e a situación de incertidume (...).”

Tendo en conta o citado informe, a Deputada- Delegada que subscribe,

Propón:

Que pola Xunta de Goberno se adopten, se procede, os seguintes acordos:

1º.- Levantar a suspensión do encargo ao medio propio Tragsa en relación á actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (río Sil -embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020, sendo o período de prestación do servizo do 8 de xuño ata o 31 de outubro de 2020, prorrogable e sempre que non exceda do 31 de decembro de 2020.

2º.- Determinar que de acordo cos novos axustes temporais do encargo (dende o 8 de xuño ata o 31 de outubro de 2020), a contía do mesmo para esta anualidade 2020, ascende á cantidade de 490.149,72 €.

3º.- Proceder á modificación da memoria que rexerá no encargo da actividade de funcionamento das rutas fluviais para a tempada 2020 co fin de adaptala á nova realidade da Covid 19, de acordo cos termos e condicións indicados no informe.

4º.- Flexibilizar as condicións de cancelación e cambio de data das viaxes por parte dos usuarios das rutas fluviais, así como da posibilidade de devolver o importe do billete adquirido con anticipación (sempre que esta devolución sexa solicitada con anterioridade á realización da viaxe), no seu caso, dadas as especiais circunstancias sanitarias e a situación de incertidume.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO
NÚM. 374/2019-J.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 374/2019-J, interposto por Eduben Artesanos, S.L., fronte esta Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

**11.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO
NÚM. 60/2020-B.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 60/2020-B, interposto por D. Francisco José Méndez Carro fronte esta Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se formulan polos señores Deputados.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.